



A DEPUTACIÓN DE LUGO AFORRA PRETO DE CINCO MILLÓNS CO ACORDO ASINADO ESTE MEDIODÍA COS HERDEIROS DE ÁLVARO GIL PARA A ADQUISICIÓN DA COLECCIÓN DE OURIVERÍA PRERROMANA

Danse por rematados 15 anos de sucesivos desencontros entre a familia do filántropo e mecenas lugués e a Deputación de Lugo, que foran iniciados cando o organismo provincial estaba gobernado polo popular Francisco Cacharro Pardo

“Esta sinatura supón unha magnífica noticia para a cidadanía lucense que supera os límites provinciais, xa que recuperamos para o pobo galego un destacado tesouro do patrimonio material do noroeste peninsular”, sinalou Mario Outeiro.

Lugo, 10 de febreiro de 2015. O responsable de Cultura da Deputación e do Museo Provincial de Lugo, o nacionalista Mario Outeiro; o presidente do organismo provincial, José Ramón Gómez Besteiro; e Carlos López Gil, en representación dos herdeiros de Álvaro Gil Varela, asinaron este mediodía no Salón de Exposicións do Pazo de San Marcos o contrato de compravenda a través do que a colección de 40 pezas de ourivería prerromana do filántropo lugués pasa a pertencer en propiedade ao organismo provincial. Así mesmo, os familiares do mecenas asinaron un documento a través do que se comprometen a non emprender ningunha acción de tipo legal ou xudicial contra o organismo provincial.

Mario Outeiro destacou que este acordo lle supón ás arcas da Deputación de Lugo *“un aforro de preto de 5 millóns de euros, grazas a que os familiares cederon nos tres eixos nos que se fundamenta o acordo”* e felicítouse de que por fin *“se dean por rematados 15 anos de sucesivos desencontros entre a Deputación e os herdeiros, iniciados no 1999-2000 cando gobernaba en San Marcos o popular Francisco Cacharro Pardo”*, recordou.

Predisposición da familia a negociar

O responsable de Cultura do organismo provincial agradeceu a predisposición da familia para chegar a este acordo. *“Foron unhas negociacións marcadas pola boa sintonía coa familia, unha total discreción durante o desenvolvemento das mesmas, pero unha total transparencia de cara á oposición, tanto tralos acordos como dos desacordos. Agradézolles enormemente o ton directo e sincero mantido ao longo destes meses”,* valorou Mario Outeiro. Sinalou que foi unha negociación *“longa e intensa”* de 19 meses, *“encetada no mes de xuño de 2013 trala sentenza do Tribunal Supremo que determinaba a titularidade dos bens en litixio e o pagamento das custas procesuais por parte do ente provincial”*, afirmou.

Outeiro cualificou o regreso desta colección de ourivería prerromana dunha *“magnífica noticia para a cidadanía lucense que supera os límites provinciais, xa que recuperamos*

para o pobo galego un destacado tesouro do patrimonio material do noroeste peninsular”, manifestou o delegado de Cultura.

Restos de diversos puntos da provincia e de toda Galiza

Proseguiu Outeiro afirmando que “os bens en cuestión son o legado dos nosos devanceiros. Trátase de douradas pezas de arqueoloxía que, fóra do morbo do elemento metálico en cuestión, son indicadores dun pasado vizoso dos pobos do noroeste que conformaría posteriormente a Gallaecia romana ou xa despois o primeiro reino moderno de Europa, o Reino de Galiza. Restos de Viveiro, Mondoñedo, Burela, Foz, Castro de Rei ou Riotorto, pero tamén de Toques, Melide, Pontedeume, Boiro, A Estrada ou da Gudiña. Galiza enteira a maiores do enigmático Carneiro Alado, de incerta procedencia xeográfica pero dunha valiosísima execución artística”, concluíu Outeiro.

Agradecemento da familia a Mario Outeiro, que exerceu de interlocutor

Pola súa banda, Carlos López Gil agradeceu tamén este acordo á Deputación de Lugo, “porque no son tiempos fáciles para afrontar el gasto que supone un acuerdo como este y que siempre podría ser cuestionado, pero creo que el mundo de la cultura agradecerá en el futuro profundamente que hayan tomado esta decisión”, apuntou. O herdeiro fixo unha mención especial a Mario Outeiro, “porque solo él y yo sabemos las muchas horas y reuniones discretas que hemos tenido a lo largo de todos estos meses. Todo esto fructifica por la confianza que hemos tenido el uno en el otro”, salientou. Tamén tivo palabras de gratitude para os empregados do Museo Provincial de Lugo, a prensa, a súa familia e os avogados que dirixiron as negociacións.

Así mesmo, Carlos López Gil remarcou a importancia desta colección. “Me gustaría que en el futuro se le dé más importancia de la que aparentemente tiene, porque esta colección fuera de Lugo o de Galicia no es lo conocida que yo creo que debería ser. Espero que en el futuro, gracias a los medios de difusión que existen actualmente, se le dé la importancia que merece. Considero que esta colección tiene que representar para Lugo lo que representa la Dama de Elche para Elche o Las Meninas para Madrid”, finalizou o herdeiro do mecenas.

Acordo sustentado en tres piares

Finalmente, Outeiro lembrou os tres piares nos que se sustenta o acordo “que permite que hoxe regrese para sempre ao Museo Provincial de Lugo a colección de ourivería prerromana coñecida como Colección Álvaro Gil”. Por unha parte, “procédese ao aboamento aos herdeiros de Álvaro Gil das cantidades debidas en concepto de custas e gastos xudiciais, derivadas dos procedementos relacionados coa colección, por un importe de 600.000 euros tras a xustificación documental pertinente por parte dos secretarios dos tres órganos xudiciais, 1ª Instancia, Audiencia e Tribunal Supremo. É dicir, 94.000 menos dos que se determinou xudicialmente”, salientou.

O segundo piar fai referencia “á renuncia a establecer calquera acción, administrativa ou civil, que puidera ter lugar en relación coa colección que se transmite, desistindo dos que se iniciaran e, concretamente, desistindo do iniciado con data 30 de maio de 2014, ante a Deputación Provincial de Lugo, en concepto de reclamación de responsabilidade

patrimonial por danos e prexuízos, renunciando a calquera dereito que lles puidera asistir en tal concepto. Hai que salientar que con esta renuncia a Deputación de Lugo aforra 2.762.000€, que era o que a familia tiña valorado como danos e prexuízos”.

E, por último, “e sen dúbida o máis importante, a propia adquisición da colección de ourivaría, da que se incoou expediente para declaración de BIC no outono pasado (DOG de 23 de outubro de 2013), polo importe da taxación encargada pola Excm. Deputación Provincial, é dicir, 2.346.200 € en cinco anualidades comezando no 2014 e rematando no 2018”, confirmou.

Débeda histórica

O presidente da Deputación, José Ramón Gómez Besteiro, subliñou que co regreso da colección de ourivería de Álvaro Gil ao Museo de Lugo a institución conseguiu “*saldar outra débeda histórica coa provincia; unha máis*”, pois o legado do mecenas “*pasa a ser para sempre patrimonio de todos os lucenses*”.

“*Fomos capaces de facer unha oferta pública, clara e transparente, de cara ao cidadán*”, explicou Besteiro, engadindo que o acordo coa familia foi froito “*do compromiso e do traballo que realizamos conxuntamente todo o Equipo de Goberno. A área de Presidencia sumou esforzos coa de Cultura; todos nos implicamos, tamén os funcionarios desta institución*”, aos que agradeceu a súa labor no proceso.

Despois de saldar débedas históricas coa provincia como a dotación de parques de bombeiros, o pago de 11 millóns de euros do canon hidroeléctrico, a transferencia dos hospitais, a construción da sede da UNED en Lugo ou o uso público do pazo de Tor, “*hoxe podemos saborear este novo éxito ao recuperar para os lucenses o legado de Álvaro Gil, pero non nos esquecemos de todos os retos que aínda temos por diante*”.

Neste senso, o Presidente recalcou que na Deputación “*non nos rendemos ante outras inxustizas que quedan por resolver en Lugo, aínda sendo competencia doutras administracións*”. “*Seguiremos loitando para que a provincia teña Radioterapia, Medicina Nuclear e Hemodinámica 24 horas; prazas públicas de residencia; pola posta en valor do antigo Hospital; e polo impulso de infraestruturas fundamentais, como os corredores da Costa e Monforte, ou as autovías a Santiago e Ourense*”, afirmou.

(NOTA: Adxúntase a relación de pezas adquiridas e o prezo dos distintos lotes)

RELACIÓN DE PAGOS E DISTRIBUCIÓN DAS PEZAS POR EXERCICIOS

LOTE 1: Ano 2014, 6.000 € (5 pezas)

Arracadas da Valiña (Masma)	MPL-32	1974/2/29-20
Arracada de Burela	MPL-34	1976/4/02
Espiral de cabelo fragmentada	MPL-37	1974/2/35-37
Arame de ouro, 1	MPL-38	1974/2/33
Arame de ouro, 2	MPL-39	1974/2/38

LOTE 2: Ano 2015, 568.500 € (10 pezas)

Gargantela de Monte dos Mouros, I	MPL-01	1974/2/12
Gargantela de Monte dos Mouros, II	MPL-02	1974/2/06
Pulseira de Monte dos Mouros	MPL-03	1974/2/07
Barriña dobrada	MPL-04	1974/2/43
Fragmento de torques con barriña decorada e remate.	MPL-05	1974/2/18
Torques fragmentado con varilla e remate decorados.	MPL-06	1974/2/19-20-39
Torques Áureo da Recadieira, I	MPL-07	1974/2/16
Torques de Melide	MPL-11	1974/2/17
Fragmento de torques da Valiña, 1	MPL-12	1974/2/28
Fragmento de torques con remate piriforme, 1.	MPL-14	1974/2/24

LOTE 3: Ano 2016, 568.600 € (6 pezas)

Torques áureo de Recadieira II	MPL-08	1974/2/14
Torques de prata da Recadieira	MPL-09	1974/2/26
Torques con retames en dobre escocia	MPL-10	1974/2/42
Torques de Viveiro	MPL-18	1974/2/41
Carneiro Alado	MPL-35	1976/4/01
Fragmento de cravo de ouro	MPL-36	1974/2/34

LOTE 4: Ano 2017, 583.000 € (15 pezas)

Fragmento de torques da Valiña, 2	MPL-13	1974/2/27
Fragmento de torques con remate piriforme, 2	MPL-15	1974/2/25
Fragmento de torques con remate piriforme, 3	MPL-16	1974/2/23
Torques de Cu do Castro	MPL-19	1974/2/15
Torques do Castro de Viladonga, I	MPL-20	1974/2/21
Fragmento de torques de Centroña	MPL-21	1974/2/22
Contas de Colar de Chaos do Barbanza	MPL-22	1974/2/13
Brazal de Urdiñeira	MPL-23	1974/2/07
Pulseira de Urdiñeira	MPL-24	1974/2/04
Brazais de Moimenta	MPL-25	1974/2/08-09
Barriña de ouro	MPL-26	1974/2/01
Pulseira da Terra de Melide	MPL-28	1974/2/03
Pulseira de Ourense	MPL-29	1980/12/1
Torques de Riotorto	MPL-30	1974/2/10
Pulseira-torques	MPL-31	1974/2/44

LOTE 5: Ano 2018, 584.100 € (4 pezas)

Torques de Burela	MPL-17	1974/2/40
Onza de Fernando VI	MPL-40	Inv-Num_2232
Láminas áureas da Valiña	MPL-33	1974/2/31-32
Barriña de ouro	MPL-27	1974/2/02